

Somos iguais porque somos diferentes

Experiencias 55



Na súa dilatada experiencia, o Centro de Educación Especial Rexional de Xordos de Santiago de Compostela, viviu profundos cambios, uns derivados das novas políticas educativas, e outros nun intento por se acomodar ás necesidades actuais. Hoxe este colexio centra a súa actividade en catro ámbitos: unha formación básica, unha cualificación profesional que facilite a inserción laboral do alumnado, un contorno de convivencia no que os nenos e as nenas aprendan a desenvolverse persoal e socialmente, e un centro de recursos, que está a disposición de todos os que o precisen, sexan ou non do centro.

Fátima María García Doval
Directora do CEE Rexional de Xordos
Santiago de Compostela
fmgadoval@edu.xunta.es

No afán de darlle unha resposta axeitada ao alumnado, a experiencia do noso centro ten tras de si unha historia de adaptación e de evolución que, na actualidade, pouco ou nada ten que ver coa finalidade para a que foi creado.

A Lei de instrución pública de 1857, (Lei Moyano), garantíalles no artigo 6.º a primeira ensinanza aos xordomudos e cegos, tanto nos establecementos especiais que puidesen existir, como naqueles creados ao abeiro do artigo 108. O 1 de xuño de 1864, baixo o patrocinio da Universidade de Santiago

de Compostela, e financiado polas catro deputacións galegas, inaugurábase o Colexio Rexional de Xordomudos e Cegos de Santiago de Compostela. En 1943 créase o Colexio de Cegos de Pontevedra, o que tamén suporía a progresiva especialización do noso centro en alumnado xordo ou hipoacúsico.

Non obstante, dende mediados dos anos 80, e durante toda a década dos 90 do pasado século, os principios derivados da integración das persoas con discapacidade en toda a lexislación, e particularmente na LOXSE, leva consigo



Damos prioridade ao alumnado con algún tipo de necesidade educativa especial, aínda que abrimos a matrícula a toda a poboación escolar

que o alumnado xordo e hipoacúsico pase a recibir formación, maioritariamente, dentro do sistema educativo ordinario. Esta revolución da Educación Especial nótase paulatinamente no centro, que ve como o número de alumnos diminúe de ano en ano, evidenciándose unha maior presenza de alumnado xordo con outras necesidades educativas especiais asociadas. Finalmente este centro, asumido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no 1996, coa consideración de centro de Educación Especial, ve como desaparecen as ensinanzas de formación profesional, ao quedar estas restrinxidas aos institutos de educación secundaria.

Esta última adaptación do centro enfróntanos a un novo enfoque educativo que lles debe garantir aos nosos alumnos e alumnas, unha formación capaz de situalos nas mellores condicións para

inserirse no mundo laboral e social. Esta vez será a través da oferta de programas de garantía social que se adapten o máis posible ás súas características e necesidades. A novidade agora é que non conseguimos encher a oferta de prazas con alumnado xordo, unicamente, polo que se abre a matrícula a toda a poboación escolar, aínda que primemos aqueles que presenten algún tipo de necesidades educativas especiais.

Unha formación á medida

En principio centramos a atención na formación básica obrigatoria, orientada ao desenvolvemento das capacidades establecidas nos obxectivos xerais dos currículos da educación infantil e primaria. En todo caso, cando as necesidades e potencialidades do alumnado o permiten, inclúense obxectivos do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria. Os

rapaces e rapazas repártense en catro aulas, a través de agrupamentos flexibles nos que prima a afinidade sobre a idade ou curso de matrícula oficial. O número máximo de alumnos por aula é de cinco. Todos amosan necesidades educativas especiais significativas, asociadas, ou non, á deficiencia auditiva; pero todos eles presentan un certo grao de autonomía. En calquera caso, todos contan co apoio dun equipo especializado en Audición e Linguaxe.

Aínda que se trata dun centro de Educación Especial, o noso obxectivo final é sempre lograr a maior normalización e inclusión posible, de aí que a escolarización combinada sexa unha modalidade que tratamos de facilitar e potenciar. Todas as nosas accións lévanse a cabo dende a perspectiva da integración. Na actualidade, ofrecemos once perfís de programas de garantía social, dos cales cinco son de modalidade A. A súa formación transcorre no centro e cada perfil inclúe un grupo. Por outra banda, ofrecemos seis programas de modalidade B, agrupados nun único grupo multiperfil. Neste caso, os destinatarios son aqueles alumnos e alumnas que acoden a centros de traballo (empresas) tres días á semana, e os outros dous reciben a formación básica no noso centro.

A singularidade do proxecto radica en que estes grupos aglutinan rapaces que cursan a formación profesional complementaria prevista no Decreto 320/1996, antes mencionado, con alumnos e alumnas que presentan o perfil definido na lexislación vixente para os programas de garantía social; é dicir, ser maiores de 16 anos e menores de 21, e non ter acadado os obxectivos mínimos da ESO.

A formación profesional complementaria ten unha duración mínima de dous anos. O seu referente son as capacidades establecidas nos obxectivos educativos que tenden á adquisición e ao desenvolvemento de aprendizaxes relacionadas coa inserción laboral e coa transición á vida adulta. O programa de garantía social ten, salvo en casos contados e debidamente



acreditados, unha duración máxima dun ano.

Nas nosas aulas, tal e como dixemos, as dúas tipoloxías de alumnado atópanse mesturadas, incluso no seo dun mesmo grupo. Esta “integración á inversa”, xurdiu dun criterio utilitarista, que formulaba como un disparate o rexeitamento de alumnado, por non presentar certas dificultades pre-establecidas; ou ben o peche de obradoiros, dotados cun excelente equipamento, por non acadar un número mínimo de alumnos. A día de hoxe a realidade é ben distinta. O centro aprendeu moito a respecto do alumnado de programas de garantía social. Na nosa experiencia, o feito de que un rapaz ou rapaza non remate a ESO, responde a unha pobre adaptación ao sistema educativo, ou a que presenta algún problema, aínda que, moitas veces, estea encuberto. Son alumnos e alumnas que precisan, non só un novo enfoque curricular centrado na integración social e laboral, senón tamén un clima escolar diferente, con relacións baseadas nun delicado equilibrio entre o control e a confianza. O referente está no mundo laboral, no contorno da empresa, pero dende actitudes docentes propias. O feito

de contar cun número reducido de alumnos e alumnas, que non supera os 75 matriculados neste nivel, permítenos coñecelos e fomentar un trato centrado na persoa como individuo particular.

No noso centro, un rapaz pode pasar catro anos no mesmo programa, mentres que outro o remata nun só curso académico. Esta mestura de intereses, capacidades e ritmos de traballo supón a creación dun contorno diverso e non centrado na discapacidade, senón nas diferenzas que todos posuímos. A máxima “Todos somos iguais porque todos somos diferentes” impregna a nosa escola, e ensínalle a todo o alumnado unha importante lección de vida, na tolerancia e na relación cos demais.

Sempre que resulte axeitado e aconsellable, especialmente en casos de alumnado discapacitado, ou de difícil integración laboral, tentamos unha aproximación en dúas fases. Nunha primeira cursan un programa en modalidade A, que consta de formación de luns a venres en horario matinal no propio centro. Esta fase de modalidade A durará tanto como sexa necesario. Deste xeito garántese que se acaden os obxectivos da formación profesional complementaria e, se fose posible, os

específicos do programa de garantía social. Cando o equipo docente considera que o alumno ou a alumna están preparados, propónse a realización de formación en centros de traballo da modalidade A, que supón 23 días laborables ao final de curso. Se a experiencia é satisfactoria, e se se ve unha posibilidade de integración no contorno produtivo, pásase á segunda fase, que supón a matrícula nunha modalidade B. Esta consta de formación no centro os luns e venres, e formación no centro de traballo os días da semana que restan. Séguese un control exhaustivo. A titora comunícase telefonicamente, semanal ou quincenalmente, coas empresas e institucións suxeitas a convenio, sempre en función da boa marcha do alumno.

O grupo de modalidade B está formado, por tanto, por aqueles alumnos que xa cursaron unha modalidade A, e que se aproximan gradualmente á súa integración laboral plena, e tamén por aqueles que, provindo do sistema educativo ordinario, e presentando problemas de adaptación ao mesmo, precisan un enfoque máis laboral da súa formación.

Nas nosas aulas os tipos de alumnado mestúranse



Aprender co alumnado e superar as dificultades

Aprendemos cada día que pasa, pero o noso traballo non está exento de dificultades e conflitos. O absentismo escolar é un dos problemas que máis rápido se manifesta no transcurso do ano escolar. Tratamos de atallalo, dende o principio, cunha aproximación o máis persoal posible. Ínstase as familias para que chamen ao centro cando, por calquera causa xustificada, o alumno ou alumna non pode acudir ás clases. Ademais, requíreselles xustificación documental axeitada para ausentarse das prácticas na empresa. Cando un alumno ou alumna falta, en todo ou en parte, da súa xornada lectiva, e non se recibiu a devandita comunicación, un membro do equipo docente, xeralmente o titor ou a xefa de estudos, comunícase por teléfono coa familia para notificarlle a ausencia. Esta reacción inmediata do centro e das familias, fronte á resposta demorada tradicional, vía postal ou con entrevistas prefixadas, amosa unha porcentaxe de éxito que, malia non ser total, resulta bastante significativa.

A conflitividade tampouco nos é allea. Temos constatado que moitas das incidencias que protagoniza o alumnado, teñen como obxectivo último unha expulsión temporal, o que é, en boa medida, un premio para eles. Por iso, lonxe de reforzar esta actitude, a maioría das medidas correctoras teñen un carácter reeducador ou restitutorio;

reservándose a expulsión temporal para aqueles casos nos que é recomendable un período de “arrefriamento” ou “afastamento”, a fin de evitar problemas posteriores.

Un centro de recursos e un internado

O Centro de Educación Especial Rexional de Xordos funciona como centro de recursos educativos, e entre as súas tarefas están as de ofrecer:

- Atención individualizada en Audición e Linguaxe ao alumnado do centro.
- Asesoramento especializado en Audición e Linguaxe a todas as mestras e mestres que o precisen, a orientadores e orientadoras e a nais e pais.
- Recursos materiais, con oferta de bibliografía especializada, material manipulable, etc.
- Atención a alumnado escolarizado en centros ordinarios da comarca que presente dificultades de Audición e Linguaxe, en réxime ambulatorio.
- Investigación e desenvolvemento de novos recursos educativos.

Para levar a cabo este labor pártese dunha estreita coordinación cos centros de referencia do alumnado, así como en diferentes graos de colaboración con institucións e recursos do contorno, especialmente coas universidades de

Santiago de Compostela e de Vigo.

Por outra banda, dispoñemos dunha escola-fogar, na que un número, reducido pero constante, de alumnos e alumnas fan uso das instalacións de internado e aprenden a vivir. A función deste internado vai máis alá do simplemente asistencial. Tenta centrarse nos aspectos afectivos, educativos e de preparación para unha vida independente. Por iso a responsabilidade naquelas tarefas que todos os rapaces e rapazas poden exercer, vese potenciada ao longo da xornada. Por exemplo, no centro dispoñemos de dúas ás, unha de nenos e outra de nenas, e temos establecido un sistema de quendas para que un alumno da á de nenos, e unha alumna da de nenas, se responsabilicen de levar a roupa sucia á lavandaría e de recoller a que xa está lista. Desta tarefa encárganse por parellas. Cada parella enfróntase a esta encomenda, durante un mes seguido, de luns a xoves despois da cea.

Nesta mesma liña encamiñanse os esforzos realizados polo comedor escolar, que conta dende hai uns anos, cun menú especialmente elaborado por un médico nutricionista, e que busca, non só a satisfacción saudable dunha necesidade básica, senón tamén aprender a comer, sen máis; a idea é que o alumnado aprenda a gozar dunha dieta variada e saudable, a base de alimentos de tempada. Por este motivo, durante o recreo, ofréceselles a todos os nenos e nenas do centro, non só aos usuarios do internado, unha peza de froita, que varía en función do día e da tempada. Podemos dicir que, deste xeito, a inxestión de repostería e aperitivos industriais se reduce dun modo drástico.

Unha vez rematado o horario lectivo, é o persoal non docente o que se encarga de atender os alumnos e as alumnas no internado. Un educador e dúas coidadoras guían o seu tempo de lecer e o estudo vespertino. Dentro do noso recinto realízanse diversas actividades, como a encadernación ou o cultivo no invernadoiro. Non obstante, cada tarde,

O noso referente está no mundo laboral, pero nun contorno educativo que fomenta un trato centrado na persoa





Un rapaz ou unha rapaza poden pasar catro anos no mesmo programa, ou rematalo nun curso académico

excepto os venres, que retornan ás súas casas, os alumnos e as alumnas saen do centro para recibir clase de Musicoterapia na escola municipal de música, para practicar hóckey no Club Raxoi, ou para ir á piscina no Centro de Educación Especial A Barcia. E todo, á procura dun contacto constante coa realidade social que nos circunda, e da formación de cidadáns activos e responsables, non integrados, senón integrantes da sociedade.

Isto non sería posible sen a dedicación dun equipo humano entregado e fortemente motivado, e a colaboración inestimable dos centros ordinarios, institucións, familias, organizacións, universidades e empresas que axudan neste labor educativo integral. O traballo coordinado, partindo

daquilo que podemos facer xuntos, lévanos a valorar a nosa experiencia de xeito moi positivo. E tamén nos permite facer unha decidida aposta de futuro, de cara a seguir profundando nesta vía, porque aínda nos queda moito que aprender.

Bibliografía

ALBERTE CASTIÑEIRAS, J. M. (1999) *Educación e inserción socio-laboral de persoas con discapacidades*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

APARISI, J. [et al.] (1998) *El Desarrollo Psicosocial en el Contexto Educativo de los Programas de Garantía Social*. València, Servicio de Publicaciones de la Universitat de València.

ARANDA REDRUELLO, R. [Coord.] (2002) *Educación especial: áreas curriculares para alumnos con necesidades educativas especiales*. Madrid, Prentice Hall, D.L.

LEÓN GUERRERO, M. J. (2006) *La autonomía personal, social y en el hogar de alumnos de educación especial para la transición a la vida adulta*. Málaga, Aljibe.

PEÑAFIEL MARTÍNEZ, F. [et al.] (2006) *La intervención en educación especial: propuestas desde la práctica*. Madrid, CCS.

PUIGDELLIVOL, I. (2005) *La Educación Especial en la escuela integrada: una perspectiva desde la diversidad*. Barcelona, Graó.

Conseguir un emprego é a mellor compensación para o alumnado

A finalidade de tantos esforzos como se invisten no centro, é lograr a mellor integración social e laboral do noso alumnado. Para nós a mellor gratificación é observar como resulta cada vez máis habitual que un número significativo de alumnos e alumnas sexa contratado polas empresas nas que fan prácticas, tanto na modalidade A, como na B. Por exemplo, unha alumna do PGS Auxiliar de axuda a domicilio e residencias asistidas aprobou o exame de acceso a ciclo medio, pero non chegou a cursalo porque, a raíz da experiencia na empresa, obtivo un contrato indefinido. Outro alumno tamén traballa nunha empresa que o recibiu en prácticas. Esa mesma empresa acolle, na actualidade, un novo alumno. Para os rapaces e rapazas estes casos constitúen o mellor exemplo e motívaos a esforzarse e a afrontar o traballo con ilusión.